

CALENDARIO TRABAJO FIN DE GRAO CURSO 2024/2025

(Aprobado pola Comisión de Docencia o 30 de setembro de 2024)

Indicacións

O alumnado que se matricule no Traballo de Fin de Grao (TFG) e pretenda entregalo e defendelo debe ter en conta as seguintes premisas:

- Para poder defender o TFG a/o alumna/o debe ter superados todos os créditos do plano de estudos do *Grao en Dereito* –con excepción obviamente dos créditos correspondentes ao TFG- tal e como se dispón no Anexo I do Regulamento do Traballo de Grao en Dereito.
- A convocatoria do TFG é única e a/o alumna/o dispón de dúas oportunidades para superar a materia.

De xeito ordinario

- Existe unha primeira oportunidade en cada cuatrimestre, cuxas datas de entrega/solicitud de defensa e da propia defensa serán publicadas debidamente.
- Existe unha segunda oportunidade no mes de xullo.

É importante que o alumnado teña presente que **para poder acceder a esta segunda oportunidade debe ter xa depositado o TFG nas datas de entrega da primeira oportunidade de cada cuatrimestre.**

Polo dito, as datas de entrega do TFG no mes de xullo non permiten a presentación *ex novo* do TFG, senón que a mesma só se admite cando o estudante non superou a materia do TFG, tras defendelo en primeira oportunidade do 1º ou do 2º cuatrimestre. Non se trata, pois, dun terceiro prazo de entrega, senón dun prazo para que aqueles estudantes que suspenderon con anterioridade o TFG poidan introducir as correccións necesarias no devandito traballo para superar a materia na segunda oportunidade.

De xeito extraordinario

- A/o alumna/o que, tras ter entregado o TFG nas datas ordinarias de entrega de 1ª oportunidade de calquera dos cuatrimestres, non puidese defender o traballo nas datas ordinarias de defensa, por non ter aprobadas todas as materias nese momento, poderá defender o traballo en 1ª oportunidade no mes de xullo.

No caso de non superar a materia nesta oportunidade, poderá facelo nunha 2ª oportunidade no mes de setembro. Consecuentemente, **a/o alumna/o debe ter presente que o prazo de entrega do TFG no mes de setembro está previsto unicamente para aquelas/es alumnas/os cuxo TFG fose avaliado por primeira vez -1ª oportunidade- no mes de xullo.**

- A/o alumna/o da situación prevista no apartado precedente que decida non facer uso da 1ª oportunidade de xullo ten tamén a posibilidade de defender o TFG en 2ª oportunidade en setembro. Porén, ha de ter presente que defenderá o traballo previamente entregado en febreiro ou xuño e que non conta cun prazo de entrega diferente.

Calendario

Datas de solicitude de defensa/depósito do TFG

De xeito ordinario

1ª Oportunidade/1º Cuadrimestre. O prazo para depositar-entregar o traballo e solicitar a defensa do TFG vai do **13 ao 14 de febreiro de 2025 ata as 23.59 h.**

1ª Oportunidade/2º Cuadrimestre. O prazo para depositar-entregar o traballo e solicitar a defensa do TFG comprende os días **16 ao 17 de xuño de 2025** ata as 23.59 h.

2ª Oportunidade para aquelas/es alumnas/os que non superaron a materia na 1ª oportunidade do 1º ou 2º cuadrimestre. O prazo para a entregar **o traballo corrixido** e solicitar a defensa do TFG comprende os días **14 e 15 de xullo de 2025** ata as 23.59 h.

** Tal e como xa se explicou, non se trata dun terceiro prazo de entrega, senón que unicamente se permite entregar unha versión corrixida do TFG suspenso que se defendeu en 1ª oportunidade – de 1º ou 2º cuadrimestre-.

De xeito extraordinario

1ª Oportunidade de xullo para aquelas/es alumnas/os que non puideron defender na 1ª oportunidade ordinaria por non cumprir co requisito de ter superadas as restantes materias do *Grao en Dereito*. Os prazos para depositar-entregar son os ordinarios do 13 ao 14 de febreiro de 2025 ata as 23.59 h. ou os días 16 e 17 de xuño de 2025 ata as 23.59 h.

2ª Oportunidade para aquelas/es alumnas/os que suspenderon o TFG na que sería a súa 1ª oportunidade de xullo. O **prazo para depositar-entregar** o traballo e solicitar a defensa do TFG comprende os días 3 e 4 de setembro de 2025 ata as 23.59 h.

* No mesmo prazo deberá solicitar a defensa do TFG na Secretaría Virtual do estudante, previo informe favorable do titor do TFG.

** Tal e como xa se explicou, unicamente se permite entregar unha versión corrixida do TFG suspenso que se defendeu na que para este alumnado sería a 1ª oportunidade de xullo.

2ª Oportunidade para aquelas/es alumnas/os para as/os que sendo xullo a súa 1ª oportunidade optaron por non defender o TFG. Non existe un prazo distinto ao ordinario. Polo tanto, os prazos para a entrega son os ordinarios do 13 ao 14 de febreiro de 2025 ata as 23.59 h. ou os días 16 e 17 de xuño de 2025 ata as 23.59 h.

Información adicional sobre a entrega e solicitude de defensa

Conforme o artigo 6.1 do Regulamento do Traballo Fin de Grao de Dereito, o depósito farase en versión dixital ou en papel, segundo decida a Comisión de Docencia. O modo de depósito será debidamente publicado no Moodle.

Datas de defensa do TFG

De xeito ordinario

1ª Oportunidade do 1ª cuadrimestre. O prazo para a defensa do TFG vai do 20 ao 21 de febreiro de 2025.

1ª Oportunidade do 2º cuadrimestre. O prazo para a defensa do TFG será os días do 26 ao 27 de xuño de 2025.

2ª Oportunidade. O prazo para a defensa do TFG comprende os días 29, 30 e 31 de xullo de 2025.

De xeito extraordinario

1ª Oportunidade. O prazo para a defensa do TFG comprende os días 29, 30 e 31 de xullo de 2025.

2ª Oportunidade. O prazo para a defensa do TFG comprende o día 12 de setembro de 2025.

En todos os casos, as datas e as horas exactas da defensa fixaranse polo Tribunal nos días previos e seranlle debidamente comunicadas ao alumnado a través da páxina web da Facultade e/ou da plataforma Moodle.

As/os alumnas/os deben estar dispoñibles todos os días de defensa na oportunidade que lles corresponda.

Táboa resumo de datas

PRIMEIRA OPORTUNIDADE	DEPÓSITO	1.º Cuadrimestre	13 e 14 de febreiro
		2.º Cuadrimestre	16 e 17 de xuño
	DEFENSA	1.º Cuadrimestre	20 e 21 de febreiro
		2.º Cuadrimestre	26 e 27 de xuño 29, 30 e 31 de xullo*

* Unicamente poderán defender o seu TFG en 1ª oportunidade os días 26 e 27 de xuño aquelas/es alumnas/os que, malia teren entregado o seu TFG nos prazos previstos, non puidesen realizar a súa defensa antes por non ter superados todos os créditos do plano de estudos.

SEGUNDA OPORTUNIDADE	DEPÓSITO	14 e 15 de xullo*
		3 e 4 de setembro**
	DEFENSA	29, 30 e 31 de xullo
		12 de setembro**

* Poderán depositar o seu TFG os días 14 e 15 de xullo e proceder á súa defensa o 29, 30 e 31 de xullo unicamente aquelas/es alumnas/os cuxo TFG fose avaliado por primeira vez na primeira oportunidade do segundo cuadrimestre.

** Poderán depositar o seu TFG os días 3 e 4 de setembro e proceder á súa defensa o 12 de setembro unicamente aquelas/es alumnas/as cuxo TFG fose avaliado por primeira vez o 29, 30 ou 31 de xullo.

Tamén poderán defender no día 12 de setembro aquelas/es que non concorreron á súa 1ª oportunidade de xullo. Neste caso o traballo ten que ter sido depositado nos períodos ordinarios de depósito de 1º e 2º cuadrimestre.